

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de agosto de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de agosto de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2025, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra

denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 4 de agosto de 2025.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL ENTRE OS LUGARES DA TORRE (RODEIRO) E AXIAZ (AGOLADA)”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 89.657,21 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

3.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don Jesús Nelson Jorge Fernández (RE núm. 1393, do 05/08/25), e a proposta de resolución emitida con data 06/08/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para

persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JESÚS NELSON JORGE FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar da Vila, parroquia de Rodeiro.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Vanessa Francielly Acioly de Santana, traballadora laboral temporal do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante o mes de agosto do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as

dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARINETE DO AMARAL JOSÉ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 14 de agosto e 4 de setembro, ambos inclusive, en substitución da traballadora Vanessa Francielly Acioly de Santana.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Ulloa Diéguez, traballadora laboral fixa do Concello na praza de limpadora das dependencias municipais, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o mes de agosto do corrente.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de limpeza correspóndese cun sector prioritario e afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén o Sr. alcalde, dada a urxencia da contratación e o limitado período desta, non considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta do Sr. alcalde, ACORDA:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como limpadora, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA DEL PILAR SAA PAZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 18 e 29 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Laura Ulloa Diéguez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE FAFIÁN

VISTO o escrito presentado por Dona María del Carmen Eiriz García, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Covelos, parroquia de Fafían (RE núm. 1398, do 06/08/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santiago de Fafían celebradas os pasados días 25, 26 e 27 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 285,00 €
Por subministro de flores por mor do pasamento de ex-alcalde do Concello, s/factura núm. A/164.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.252,95 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 10/25.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 7.410,51 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xuño de 2025, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 2.564,35 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xuño de 2025, s/recibos.
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 760,55 € E 97,71 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000259365 e PI25142000259375 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 52,39 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xuño de 2025, s/factura núm. 25ZNX0181513 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L 235,39 €
Por subministro de máscaras e produtos sanitarios, s/factura núm. 25FV 1017.
- RODOIL S.L 45,71 € E 73,96 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de xuño de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000242 e 2025/25/000244 (FACe).
- DIEGO VILLAMAYOR ALVARELLOS 363,00 € E 338,80
Por traballos de reparación de maquinaria municipal, s/facturas núm. 202512 e 202520.

- RODOIL S.L. 220,40 €, 49,28 €, 197,57 €, 84,95 €, 46,21 €, 394,91 €, E 125,38 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de maio de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000245, 2025/25/000246, 2025/25/000247, 2025/25/000248, 2025/25/000249, 2025/25/000250 e 2025/25/000251 (FACe).
- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 719,89 €
Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello, s/factura núm. A/27.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.437,20 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xuño de 2025, s/factura núm. 2025/1757 (FACe).
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 544,50 €
Por traballos de imprenta e papelería para a iniciativa “*Sabor Labrego 2025*”, s/factura núm. A/250206.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 96,80 €
Por subministro de camisolas identificadoras para os/as socorristas da piscina municipal, s/factura núm. A/250207.
- VIRULÉ RODEIRO S.L.U. 1.851,30 €
Por transporte de zavorra para obras municipais, s/factura núm. 88 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba I*”

- RODOIL S.L. 55,60 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. 2025/25/000243.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)